

Suplemento  
realizado  
por **ADEGA**




Quinta feira,  
25 de xaneiro  
de 2018  
**Número 14**

**Caderno de  
análise sobre  
ecoloxismo  
e o ambiente  
en Galiza.**  
Coordinación:  
**Manuel Soto  
Castiñeira**

ADEGA e PLADEFER (Plataforma pola Defensa do Verdugo) colaboran na elaboración deste suplemento, denunciando os pasos dados non só polo concello de Vigo senón tamén por Augas de Galicia para levar a cabo o transvasamento de auga desde o río Verdugo á depuradora que subministra auga a Vigo. O traballo de campo de PLADEFER puxo de manifesto os impactos sobre a ecoloxía do río e da ría, e tamén a senrazón do recurso á vía de urxencia. Este suplemento pon de manifesto como, de permanecer a situación de seca, levaríase a cabo unha obra de transvase de recursos que nin sequera existen, mentres a xestión da auga en Vigo continúa á marxe de calquera medida de sustentabilidade. Salienta un modelo tarifario que penaliza o aforro de auga e a eficiencia, ou as inxentes perdas nas caducas instalacións de bombeo, potabilización e distribución. Cando este dossier ve a luz, PLADEFER conseguiu xa unha primeira vitoria: a marcha atrás ao uso da vía de urxencia. >>>>> **2-5 e 8**

## Do transvasamento do Verdugo...



Elena Buch

## ... á nova cultura da auga

Colaboracións: PLADEFER,  
Fernando Malvar, Fins  
Eirexas, Ramsés Pérez,  
Belén Rodríguez.



ADEGA

Entrevista a Fernando Malvar,  
membro do colectivo A Rentes do  
Chan, e da Plataforma en Defensa  
do Río Verdugo (PLADEFER). >>> 8

# Incoherencias e des-razóns do

## As contradicións dunha Xunta que quere re-verdecer

PLADEVER (Plataforma pola Defensa do Verdugo) pronúnciase contra o transvasamento de auga desde o río Verdugo á potabilizadora do Casal por mor dos impactos e o deterioro que causaría na ecoloxía e nos recursos fluviais e da ría. Denuncia tamén súa tramitación pola vía de urxencia, unha forma de evitar os trámites de avaliación ambiental, información pública, avaliación estratéxica do proxecto, ou mesmo as expropiacións sen xustiprezo. E denuncia tamén que nas datas en que se deron os pasos para o transvasamento, este non sería posíbel por falta de caudal real no río. Estamos diante dunha obra impactante, contraria ás políticas de sustentabilidade e recuperación da calidade dos ríos, e cun elevado risco de que non sirva para os obxectivos propostos.

Redacción / ADEGA

**P**LADEVER sitúa este “atentado ambiental” no marco da nova Estratexia Galega de Sustentabilidade 2017-2025 que está a ser elaborada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. No concurso para contratación do servizo para a redacción da mesma, a Xunta non dubida en afirmar que “Galicia afronta a oportunidade de converter os desafíos medioambientais existentes en espazos de mellora e evolución para converterse nunha rexión mellor adaptada aos cambios que se aveciñan creando unha economía eficiente e sostible no uso dos recursos e baixa emisións de carbono, que permita as xeracións futuras desfrutar dunha rexión máis sostible, integrada nun planeta tamén máis sostible”. Nese mesmo documento afirmase que “O gran obxectivo da Consellería con competencias en medio ambiente... é converter Galicia nun referente na loita contra o cambio climático e na protección e o coidado do medio ambiente”. Declaracións que para PLADEVER chocan de fronte co proxecto de transvasamento.

Hai xa 17 anos, en outubro do ano 2000, que se publicou a Directiva Marco da Auga, que ten entre os seus obxectivos o de promover un uso sostible da auga, acadar unha maior protección e mellora dos ecosistemas acuáticos e contribuír a paliar os efectos das inundacións e secas. Galiza aprobou en 2006 a Lei 5/2006 de protección, conservación e mellora dos ríos galegos, que declara como prioridade de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación do patrimonio natural fluvial, incluíndo a biodiversidade da flora e a fauna dos ríos galegos. Catro anos despois, publicaríase o Plan de Augas 2010-2025 e a Lei de Augas de Galicia. Esta última ten por finalidade garantir as necesidades básicas de uso

de auga da poboación e compatibilizalas coa preservación do bo estado dos ecosistemas acuáticos terrestres asociados. No ano 2016 apróbase o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, no que se declaran como criterios protexer a calidade do recurso e satisfacer a demanda economizando e racionalizando os usos da auga, en función da capacidade de asimilación dos sistemas acuáticos.

Son 18 anos de pasos adiante (e algúns atrás) que cuestionan con claridade a razón dun novo transvasamento de augas na Galiza, cando aínda pouco ou nada se fixo pola eficiencia no uso da auga e a xestión da demanda evitando os consumos excesivos.

### O sistema de abastecemento do embalse de Eiras e a potabilizadora

En febreiro do 2013 publícase o documento de Actualización do informe técnico do sistema de abastecemento do

Embalse de Eiras, como parte do Plan de Augas 2010-2025, e no que se analiza a problemática do sistema de abastecemento a Vigo. Este documento identifica a posibilidade de situacións extremas de seca e considera como alternativas actuacións encamiñadas a incrementar a oferta de auga, ou ben

actuacións dirixidas a reducir o consumo desta no sistema. Porén, e contrariamente á Directiva Marco da Auga, opta exclusivamente polas primeiras e propón o reforzo do sistema en períodos de seca mediante un transvasamento directo desde o río Verdugo.

PLADEVER fornece de datos que sitúan a problemática do subministro de auga a Vigo non nun problema de cantidade no encoro de Eiras senón nun problema de calidade que debería resolverse con diferentes medidas, entre elas a mellora da capacidade da estación potabilizadora. A potabilizadora encontraríase obsoleta, pero a súa modernización estímase en máis de 20 millóns de euros, polo que o concello

**O TRANSVASE APENAS CUBRIRÍA AS PERDAS DA REDE DE ABASTECIMENTO DE VIGO, E DEIXARÍA O VERDUGO SEN CAUDAL ECOLÓXICO**



de Vigo opta por transvasar auga de calidade desde o Verdugo no canto de afrontar a mellora e aproveitamento do recurso de que dispón.

E o máis importante, mentres a cantidade de auga dispoñíbel no en-

**Río Verdugo. “En contraste co Lérez e o Úmia, ofrécenos aquí as soberbias perspectivas dos cursos do alto Verdugo-Oitavén de vales en V, en fondas gornas de máis de 200 m de encaixamento” (Río Barga e Rguez. Lestegás, en Os ríos galegos). Foto: Elena Buch**

# transvasamento do Verdugo



adxunto), o que deixa claro que non se adoptou ningunha medida de aforro nin de eficiencia no seu uso.

Segundo as investigacións de PLADEVER, non só a potabilizadora estaría obsoleta senón tamén todo o sistema de conducións, que en décadas non recibiu ningún tipo de atención. As perdas no sistema non se coñecen, precisamente por ese abandono na xestión, pero estímase superiores ao 20% que o Plan Hidrolóxico de Galiza Costa considera como media. Así, a auga que se pretende transvasar desde o Verdugo (uns 30.000 m<sup>3</sup>/d) apenas serviría para cubrir as perdas da rede de Vigo, ou incluso menos do 50% desas perdas, mentres o Verdugo ficaría por debaixo do seu caudal ecolóxico mínimo.

## A xestión da auga en Vigo

Vigo é o grande consumidor de auga neste sistema (Cadro adxunto), e o 85% do consumo dáse no abastecemento urbano, o que inclúe os usos domésticos, industriais urbanos, comerciais urbanos e municipais. Engádesse outro 11% para usos industriais

non conectados á rede municipal, e un 4% para varios. Isto pon de manifesto a importancia da xestión da auga polo concello. O plan hidrolóxico estima para o conxunto do sistema de Vigo unha redución da poboación e da actividade agraria no horizonte 2033, polo que incluso sen mellora da eficiencia non cabe pensar nun incremento da demanda. Non se entende por tanto a decisión do transvasamento para incrementar a oferta.


O Plan de Seca aprobado en 2013 organizase en diferentes fases, partindo do estado de normalidade para os sucesivos estados de pre-alerta, alerta e emerxencia. As medidas do Plan de Seca deben ir encamiñadas a aumentar a eficiencia no uso da auga, a reducir a demanda, e garantir a dispoñibilidade do recurso para os usos prioritarios. En setembro de 2016 declarouse a pre-alerta e en outubro de 2017 o estado de alerta. PLADEVER denuncia que non se coñece en todo

este tempo ningunha actuación encamiñada a reducir a demanda pola vía do aumento da eficiencia ou limitación dos consumos superfluos.

Entre outras moitas actuacións, deberían terse realizado campañas de concienciación cidadá acerca da escaseza de auga e da necesidade de aforro, control dos usos municipais en piscinas, rega de xardíns ou baldeo de rúas, ou mellorar a detección de fugas e redución de perdas na rede. Pode que o considerasen innecesario, pois os obxectivos de redución da demanda previstos polo Plan de Seca, do 5% en pre-alerta e do 10% en alerta que fixa o plan de seca, son realmente pouco ambiciosos.

En vez de todo isto, as autoridades competentes optan polo incremento da oferta, precisamente a opción menos recomendábel diante dos episodios de seca e a descartada polas normativas ambientais e a directiva marco da UE.

**EN SEIS MESES DE SECA, VIGO NON ADOPTOU NINGUNHA ACTUACIÓN ENCAMIÑADA A REDUCIR A DEMANDA, AUMENTAR A EFICIENCIA E LIMITAR OS CONSUMOS SUPERFLUOS**



coro se foi reducindo progresivamente ao longo dos seis meses de seca, de xuño a decembro de 2017, a cantidade de auga extraída para consumo aumentou até agosto e mantívose constante nos meses que seguiron (Cadro

**Arriba, destinos da auga consumida no sistema de Vigo; abaixo, efecto da seca sobre as reservas no encoro de Eiras e o consumo de auga.** Fonte: PLADEVER, elaboración a partir do "Plan de Abastecemento de Galicia".

# Nova cultura da auga

Para PLADEVER non ten sentido facer unha obra de 5,5 millóns de euros para causar un dano importante a un río xa suficientemente agredido e non poder achegar auga que resolva o problema. Isto é así porque o problema de Vigo non é o caudal dispoñíbel senón a mala xestión da auga que se segue a practicar. Neste momento, Europa conta con diversas estratexias de sustentabilidade (Europa 2020, Economía Circular, Enerxía Limpa... ) e Galiza está a dar os primeiros pasos para desenvolve-las. É hora xa de deixarse de boas palabras e empezar a actuar de forma seria e verdadeiramente sustentábel.

## Redacción / ADEGA

**P**LADEVER recorre aos principios de ecoloxía fluvial, equidade social e economía da Nova Cultura da Auga para denunciar o que sería este novo atentado ecolóxico. Así, a súa oposición ao transvasamento pode resumirse en catro razóns de peso: incumpre a Directiva Marco da Auga, elude responsabilidades dos actuais xestores, é un ataque ao medio ambiente e non é unha alternativa sostible. E fronte ao transvase presentan tamén un decálogo de alternativas que o farían innecesario.

Pedro Brufao Curiel, quen foi presidente de AEMS-Ríos con Vida, lembrando que Galiza xa viviu en 2011 unha situación de seca similar a esta de 2017, dicía nunha entrevista no *Faro de Vigo* que “A cuestión non é de estrañar, pois a irregularidade das precipitacións é propia do noso clima... algo consubstancial do ciclo hidrolóxico e temos que aprender a vivir con elas, e polo tanto, non valen medidas precipitadas, urxencias ou meras ocorrencias”. E tamén, “en Vigo faise moi pouco do

que se debería, xa que a moderna xestión da auga pasa por xestionar a demanda e reducir o consumo estrutural, pois tense comprobado que o aumento de poboación e da actividade económica non implica un maior consumo”. E disto sábese xa en moitas cidades como Sevilla, Barcelona, Cáceres, Alicante, Zaragoza, Murcia ou Vitoria, cidades que conseguiron reducir notoriamente o seu consumo absoluto e por persoa (véxase o caso de Zaragoza no Cadro adxunto). Pero isto non vén por si só, cómpre vontade política.

**OS DATOS DE CAUDAIS MOSTRAN QUE EN 5 DOS ÚLTIMOS 7 ANOS O VERDUGO NON LEVOU CAUDAL SUFICIENTE PARA SOPORTAR O TRANSVASAMENTO**

Para PLADEVER é antieconómico e inadmisíbel pedir máis auga cando en Vigo volveu aumentar o consumo e non está a aplicar medidas serias de xestión. E cales serían estas medidas? PLADEVER menciona, entre outras, repercutir o custo real da auga no consumidor, instalar contadores individualizados en todo tipo de consumo, modificar o sistema de prezos para favorecer o aforro e a eficiencia, a creación de alxibes e tanques de tormentas para o aproveitamento das augas pluviais, ou a renovación completa tanto da rede de subministro como dos equipos do-



Rio Verdugo. Fervenzas da Roca.

Foto: Elena Buch



mésticos. O uso de auga non potábel en industrias, no baldeio de rúas ou na rega de parques, tanto procedentes de augas pluviais ou da reutilización de augas grises e residuais depuradas completarian estas medidas e permitirían reducir substancialmente a presións sobre os ríos e os ecosistemas acuáticos.

Como mostra o Cadro adxunto, Vigo mantén un sistema de prezos totalmente obsoleto e contrario á sustentabilidade, cobrando máis a quen máis aforra e a quen introduza medidas de aforro como poden ser billas e electrodomésticos de baixo consumo, ou cisternas de dobre descarga. O consumo mínimo de 30 m<sup>3</sup>/bimestre por usuario (vivenda) equivalen a un consumo de 200 litros por persoa e día, moi superior á media galega actual duns 130 L/p.día e ao consumo eficiente que xa se sitúa por debaixo dos 100 L/p.día.

Cómpre tamén romper cos ineficientes monopolios baseados en grandes poboacións unidas a unha mesma e arriscada fonte de subministro, e nas alternativas a esta situación, tanto a reutilización como o aproveitamento das augas subterráneas están chamadas a xogar un papel importante.

#### Os impactos do transvasamento

A propia obra en si presenta elevados impactos. Os montes afectados, pola alta pendente e por arderen completamente no incendio do 15 de outubro, son especialmente vulnerábeis á

**O TRANSVASAMENTO AFECTARÍA A ECOLOXÍA BÁSICA DO RÍO E DA RÍA, AO SALMÓN, REO E LAMPREA, AOS BANCOS MARISQUEIROS, E REDUCIRÍA DILUCIÓN DE CONTAMINANTES**

erosión e á alteración do relevo polo uso de maquinaria pesada. Enfrontámonos pois a un duplo efecto: perda masiva de solo e aporte dun gran volume de caudal sólido ás correntes naturais de auga.

No que respecta ao transvasamento de caudal en si, a detracción de caudal reduce a velocidade e a profundidade da auga, e o volume de hábitat dispoñible. O transvasamento de auga do río Verdugo á condución que vai de Eiras a Vigo supón un gravísimo dano ao ecosistema do río, dada a fragilidade dos ecosistemas fluviais que o compoñen. Os efectos esperábeis son a redución da produción de *periphyton* e macroinvertebrados, afectando toda a cadea trófica, a destrución da poboación itinerante de salmóns, reos, lampreas e anguías que sobreviven

pese á fragilidade destes ecosistemas, a redución na produción dos bancos marisqueiros da ría, a menor dilución de contaminantes, nomeadamente das depuradoras, facendo que sexan maiores as concentracións e os efectos prexudiciais.

A elevada produtividade das rías galegas débese fundamentalmente ao fenómeno coñecido como afloramento, que depende de factores como as correntes mariñas, a orientación espacial das rías, o réxime de ventos e a achega de auga doce aos ríos que desemboca na zona máis interior das rías. Algúns estudos indican que no caso concreto da ría de Vigo este último factor pode ser responsábel do 25% do afloramento, e dunha porcentaxe superior da achega de nutrientes, de entre o 30% e o 60%. É así que o caudal dos ríos contribúe en boa medida á produtividade nas zonas internas da ría. O transvasamento afectaría a esta produtividade e tamén as con-

dicións microbiolóxicas e a dinámica sedimentaria da ría. Tamén podería afectar ás pradarias de *Zostera* mariña presente na ría e por tanto a especies como a solla ou o choco. Como noutras rías galegas, sendo ben coñecido o caso do impacto do encoro de Cecebre sobre a calidade dos sedimentos na ría do Burgo (A Coruña), os encoros de Eiras e do Inferno están a causar un impacto na ría que se vería reforzado polo transvasamento.

#### Unha obra para incumprir o caudal ecolóxico

Os caudais ecolóxicos son unha restrición que se impón con carácter xeral ao uso dos recursos hídricos para preservar o funcionamento dos ecosistemas, acadar o bo estado dos ríos e manter a vida no río. Trátase dun réxime de caudais xa establecido nos plans hidrolóxicos en vigor para cada río, e debe ser representativo da variabilidade natural do réxime de caudais do río. Debe ser suficiente para asegurar o correcto mantemento das diversas compoñentes asociadas ao ecosistema fluvial, como a flora e fauna do río, a calidade físico química das augas superficiais, o equilibrio xeomorfolóxico do sistema e o conxunto de valores sociais, económicos e paisaxísticos do río.

Porén, o propio Plan Hidrolóxico de Galicia Costa establece para condicións de seca un réxime de caudais ecolóxicos menos exixente. Considerando estes últimos (caudais ecolóxicos de seca) e as series de caudais desde 2010 a 2017, PLADER demostrou que en 5 dos 7 anos foron varios os meses en que o río Verdugo non leva caudal suficiente para transvasar 350 l/s e cumprir co caudal ecolóxico de seca. Conclúese que non ten sentido facer unha obra de 5,5 millóns de euros para causar un dano importante a un río xa suficientemente agredido e non poder aportar auga.

#### Arriba, custo da auga en Vigo segundo o consumo percápita medio nos fogares.

Elaboración por ADEGA a partir das tarifas de Aqualia para Vigo.

#### Abaixo, evolución da poboación e do consumo de auga en Zaragoza.

Fonte: Proxecto SWITCH en Zaragoza.



### — Roteiro A Baleira - Alto Eo

Con este roteiro, o pasado decembro, ADEGA-Lugo achegouse ás beiras do río Eo e á beleza da Fraga da Marronda. Tras unha primeira parada en Fonteio, lugar singular de nacemento do río, o percorrido permite gozar da vexetación de ribeira e de moitos elementos patrimoniais: muíños, hórreos, ouriceiras, etc., moitos deles en estado de abandono. San Paio de Cubilledo, a Capela da Pastora, A Cortevella... lugar este onde o Eo sorprende cun espectacular meandro de 800 metros case circular.



# Actualidade ambiental en imaxes

### — Proxecto Ríos para alumnado a distancia de toda Galiza

O pasado 18 de novembro rematamos as actividades do Proxecto Ríos cunha saída formativa polo río Sarela en Compostela co alumnado de Ciencias Ambientais da UNED de Pontevedra.



### — Proxecto Composta na escola

O concello de Santiago de Compostela e ADEGA poñemos en marcha un proxecto de compostaxe en 6 centros de ensino. A día de hoxe, cada centro ten instalados dous composteiros nos que xestionan os seus residuos orgánicos. Inclúe un programa de actividades e visitas ao longo do curso.

### — Plan de sensibilización de residuos da Mancomunidade do Barbanza

Xa está aberto o prazo de solicitude de obradoiros de reciclaxe para os concellos da Mancomunidade do Barbanza. Entre as actividades ofertadas este ano está a realización dunha ecoauditoría (diagnose da situación dos residuos nun lugar concreto) e ambientalización de festas. Máis info en [www.adega.gal](http://www.adega.gal) ou [residuos@adega.gal](mailto:residuos@adega.gal).



ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web ([www.adega.gal](http://www.adega.gal)) e participa nos grupos activos ou faite socio/o.

Imaxes: ADEGA, HDR.



ROTEIROS 2017 - 2018



# 20 ANOS CAMIÑANDO CON ADEGA\_LUGO

29 OUTUBRO 12 NOVEMBRO 03 DECEMBRO 14 XANEIRO 18 FEBREIRO 11 MARZO 15 ABRIL 13 MAIO 10 XUÑO	SOTOS, CASTROS E PONTES OUTONO EN QUINTÁ DE CANCELADA A MARRONDA TRAZA PRIMITIVA POR POBRA DE BURÓN OS CORTÍNS A MINARÍA ROMANA FRAGAS DO ALTO EUME - XISTRAL RIBEIRAS DO SOR COSTA DA VELA	O COUREL BECERREÁ BALEIRA A FONSAGRADA NAVIA DE SUARNA QUIROGA MURAS MAÑÓN CANGAS DO MORRAZO
---	---	--

RESERVA PRAZA: TELÉFONOS 982.240.299 OU 679.113.718 EMAIL: ADEGALUGO@ADEGA.GAL  
SAÍDA: AVENIDA DE RAMÓN FERREIRO (FAC. FORMACIÓN DO PROFESORADO) ÁS 9.00 HORAS, AGAS NO ROTEIRO DE XUÑO, ÁS 8.00 HORAS.  
PREZOS: XERAL 18€; SOCIOS/AS 12€; ESTUDANTES OU EN PARO 15€; ATA 14 ANOS 5€.  
OS ROTEIROS SON DE XORNADA COMPLETA.  
RECOMENDASE LEVAR XANTAR, ROUPA E CALZADO AXETADO.

# 5



## — O salmón do Ulla ameazado de extinción pola da mina de Touro

Un estudo publicado recentemente na revista *Environmental Pollution* amosa que analizando os metais pesados nas escamas dos salmóns capturados no Ulla pódese medir o impacto da mina de Touro e o seu efecto nas poboacións de salmón, especialmente o do cobre. As investigadoras e investigadores da UVigo, o IIM-CSIC e a U. de Swansea usaron as mostras históricas das escamas dos salmóns capturados no Ulla entre 1951 e 2012. As verteduras desta mina a ceo aberto causaron unha redución significativa do crecemento e supervivencia do salmón do Ulla durante os anos 80, que se agravaría aínda máis volta da mina.

## — Bota a andar a recollida de sinaturas da ILP polo bosque autóctono e contra a eucaliptización

O inicio desta campaña foi anunciado o pasado 20 de decembro e chegará até o vindeiro mes de marzo. O obxectivo: superar o respaldo social acadado nunca por unha Iniciativa Lexislativa Popular, dada a preocupación que a cuestión forestal suscita na sociedade galega.

Un de cada cinco metros cadrados de solo galego está ocupado polo eucalipto, espallado até superar o medio millón de hectáreas. Pero non o fixo só. A colonización dos nosos montes por esta especie pirófila débese a unhas políticas planificadas e perversas que favorecen o abandono do medio rural para abastecer ENCE.



# 6



# 7

## — As desfeitas da industria do eucalipto chegan ao Parlamento Europeo

Convidadas polo grupo GUE/NGL do Parlamento Europeo, 18 organizacións, entre elas ADEGA, levamos o 7 e o 8 de decembro a Bruxelas a problemática do eucalipto na Galiza. O modelo forestal da Xunta está feito á medida dos intereses das celulosas, que son as únicas favorecidas polos monocultivos de eucaliptos, e tamén polo Goberno do Estado coa prórroga de 60 anos para ENCE na ría. A eucaliptización hipoteca e condiciona o futuro do rural galego e implica máis lumes forestais.



# 8

## — A Fiscalía denuncia irregularidades da mina de San Fins

O Fiscal de Medio Ambiente vén de trasladar ao xulgado as graves irregularidades atopadas na mina de San Fins, xa que "indiciariamente aparecen elementos que poderían significar a existencia ou o risco indicado nos artigos 325 e ss." do Código Penal. Estes artigos fan referencia aos delitos por contaminar o medio tanto de quen provoca a contaminación como de quen a consente. Entre as irregularidades cítase a ausencia de estudo de impacto do proxecto, a vertedura de augas contaminadas ou a omisión de sanción polas verteduras recorrentes.

# «O transvase amputaría o Verdugo, como xa está o Oitavén»

O Verdugo e o Oitavén son dous ríos irmáns, moi similares, cunha orografía e réxime de precipitacións, enchentes e secas moi similares. Os dous conflúen 4 km antes da súa desembocadura na ría de Vigo. Moi estragado o Oitavén polo encoro de Eiras que abastece Vigo, en mellor situación e recuperándose o Verdugo, é precisamente deste brazo do que se queren tirar 350 litros por segundo, a metade do que o río levaba o pasado outono, en situación de seca. Falamos disto con **Fernando Malvar, da Plataforma en Defensa do Río Verdugo, PLADEVER.**



A auditoría técnica, para sabermos onde están e a que se deben as perdas, e poder atallalas. Se a isto sumamos novas pautas de uso da auga polos servizos municipais e a concienciación da cidadanía, teríamos un abastecemento seguro cos recursos xa dispoñibles.

## Que consecuencias traería o transvasamento?

A detracción de caudal en época de seca, que é o que se quere facer, causaría todo tipo de problemas ecolóxicos. Cando o río está en situación de asfixia, o transvase axudaría a matalo. Remataría coa recuperación do salmón, da anguía e da lamprea, que con alegría viñamos vendo no fondo da ría e no brazo do Verdugo. O Verdugo ficaría amputado como xa está o Oitavén. E todo o banco marisqueiro da ría sufriría tamén as consecuencias, afectando a 200 persoas dedicadas a esta actividade.

## E tamén facedes propostas a medio e longo prazo?

No longo prazo, fan falta os recursos que queren gastar en obras tan pouco axeitadas como esta, para ir á raíz do problema. A sustentabilidade da auga está nos nosos montes e nas cabeceiras dos ríos, verdadeiras esponxas que manteñen a auga na terra e que a van soltando pouco a pouco,

**“O TRANSVASE REMATARÍA COA RECUPERACIÓN DO SALMÓN, DA ANGUÍA E DA LAMPREA”**

reducindo á vez os dous problemas, enchentes e secas. Esta é unha loita pola auga que debe ser exemplificante na súa resolución. É a necesidade de optarmos pola mellora da xestión para conseguir a sustentabilidade, no canto da cultura do usar e tirar e do “máis máis”. Vai-se dar a partir de agora en moitos outros lugares, polo agravamento do cambio climático.

## Belén Rodríguez

### É urxente esta obra?

Non houbo tal emerxencia, como poñen de manifesto dous datos. Primeiro, Eiras nunca baixou do 37% de aforo, nin no momento máis severo desta seca. Segundo, porque en todo momento Vigo seguiu facendo uso de auga potable para o lavado de rúas e a rega dos xardín, como se nada, e coa poboación allea a restricións ou medidas de aforo.

### Avaliáronse outras alternativas?

É preceptivo por lei, pero non nos é coñecido nin conseguimos in-

formación, nin de Augas de Galicia nin do Concello de Vigo sobre calquera outra alternativa, sexan estas de redución das perdas no subministro, da mellora da depuradora ou de concienciación cidadá. Pero hainas. Pladever ten solicitado unha auditoría técnica de todo o sistema de abastecemento, e tamén unha auditoría económica da concesionaria do servizo, sabermos que investimentos fixo para manter a sustentabilidade a longo prazo. Hai outras melloras técnicas como poden ser a sectorialización, a redución de presións, o aumento da capacidade dos depósitos secundarios, impul-

sar a economía circular da auga para as empresas da comarca, e para os servizos urbanos, a través do aproveitamento de pluviais e da rexeneración e reutilización de augas depuradas. A tarificación e a fiscalidade dos usos da auga son moi importantes. E tamén cómpre actuar nos usos domésticos. Todo isto é a nova cultura da auga, xa moi coñecida noutros lugares.

### E que sería realmente o máis urxente?

Belén Rodríguez é vogal de comunicación de ADEGA e periodista da Revista Cerna e Radio Cerna.

Na imaxe, Fernando Malvar, membro do colectivo A Rentes do Chan, e da Plataforma en Defensa do Río Verdugo (PLADEVER).